

LOIS PEREIRO

LETRAS  
GALEGAS

2011




LOIS

# **GUÍA DE LECTURA**

**Biblioteca Municipal de Estudos Locais**

**Maio 2011**



***“...Porque Lois era sempre o que ía diante. Daba a sensación de que manexaba unha radiofonía secreta e que as cousas que valían a pena no mundo o tiñan elixido a íl como primeiro depositario, ao igual que os tesouros antigos estaban protexidos por un ‘encanto’. Aprendemos algo daquela. Non había que se preocupar polas modas. O que cumpría era seguirlle os pasos a Lois. escoitar a súa música. Ler os seus libros. Ver as súas películas. Telo ao lado para espantar o frío. Non había nel nada de guru. Era só un rapaz enxoiado e desperto que andaba ás zancadas pola beira curiosa da vida, con aquel seu abrigo que parecía herdado de Samuel Beckett.”***

***“...Pero quen pense nun Lois refuxiado en si mesmo ou rabiosamente introvertido vai moi equivocado. Era un revolucionario. Un verdadeiro anarquista, alérxico a todo tipo de opresión. A súa mirada, con esa mestura luminosa de intelixencia e humor, deixaba nulo a calquera emperador. Manexaba a ironía como un esconxuro. E non perdía moito tempo cos miserables que nolo rouban. O seu carácter brillaba polos kilates de tenrura que destinaba aos seus, a todo aquilo que el tanto quería. Hai unha estreita relación entre a dor e a desolación que expresan os seus poemas e o seu engado polos “marabillosos detalles” que conforman ese froito perecedoiro chamado vida. Como un menciñeiro, nomeaba o mal para mantelo a raia.”***

**Manuel Rivas**

## ÍNDICE

<b>Presentación .....</b>	<b>6</b>
<b>Biografía .....</b>	<b>7</b>
<b>Cronoloxía .....</b>	<b>11</b>
<b>Obra de Lois Pereiro.....</b>	<b>14</b>
<b>Monografías.....</b>	<b>15</b>
<b>Publicacións periódicas .....</b>	<b>20</b>
<b>Traballos sobre Lois Pereiro.....</b>	<b>23</b>
<b>Monografías.....</b>	<b>24</b>
<b>Publicacións periódicas .....</b>	<b>28</b>
<b>Materiais audiovisuais.....</b>	<b>36</b>
<b>Referencias en obras xeráis .....</b>	<b>38</b>
<b>Lois Pereiro na Coruña.....</b>	<b>40</b>

## **PRESENTACIÓN**

**Como cada ano, a Biblioteca Municipal de Estudos Locais súmase ós actos de homenaxe do Día das Letras Galegas coa elaboración dunha guía de lectura sobre a figura protagonista, que neste ano 2011 corresponde ó poeta monfortino Lois Pereiro.**

**A Real Academia Galega establece a necesidade de que as institucións públicas galegas, os centros de ensino, as bibliotecas e as distintas asociacións e federacións culturais poñan de relevo a obra desta importante personalidade.**

**Así, a través da elaboración desta guía de lectura, a Biblioteca de Estudos Locais pretende contribuir a dar resposta a esta necesidade ofrecendo toda a información de que dispón sobre a figura deste poeta, vangardista e universalista militante, e á vez, un creador ferreamente fiel ás súas raíces.**

**Tras uns breves apuntes biográficos sobre o autor, cítanse as distintas referencias bibliográficas correspondentes á documentación presente na Biblioteca sobre a súa vida e a súa obra.**

# BIOGRAFÍA



Lois Pereiro nace, baixo o pseudónimo oficial de Luis Ángel Sánchez Pereiro, o 16 de febreiro de 1958 en Monforte de Lemos. A súa nai, Inés Pereiro Pontón, é mestra e seu pai, Manuel Sánchez Vila, maila ser licenciado en dereito, non exerce e rexenta unha cristalaría no baixo da casa familiar. É o segundo fillo do matrimonio.

En 1963 comeza os seus estudos nos Escolapios, onde tamén estuda o seu irmán Xosé Manuel e neste colexio cursará todo o bacharelato.

Dous anos despois nace a súa irmá Inés, que cos anos será confidente e inseparable compañeira dalgunha das súas viaxes.

A familia vive en Monforte pero os veráns repárteno entre a aldea materna en Santa Cristina do Viso, e a paterna, en Reádigos, as dúas no Incio.

En 1974 fai o COU no instituto público de Monforte e comeza a escribir os seus primeiros poemas adicados ás súas compañeiras de clase. Coñece a que será a súa compañeira e cómplice durante gran parte da súa vida, Piedade Cabo, así como a Fernando Saco, grande amigo que o acompañará en moitas viaxes.

É a época dos primeiros contactos literarios (nas librarías de Monforte e Lugo), musicais e cinematográficos.

Con dazasete anos vai a Madrid a estudar Socioloxía pero únicamente estará tres meses xa que, aproveitando as vacacións que deran coa morte de Franco, regresa a Monforte e dilles aos pais que renuncia. O resto do curso pasouno traballando na cristalaría familiar.

En 1976 regresa de novo a Madrid acompañado por Piedade Cabo e matricúlase na Escola Oficial de Idiomas en inglés, francés e alemán.

Son tempos de grandes inquedanzas culturais: concertos, recitais, sesións na Filmoteca Nacional vendo unha película tras outra.

Todo isto desemboca na creación da revista *Loía* xunto a Manuel Rivas, Antón Patiño e o seu irmán Xosé Manuel, da que sairán catro números. Aquí publica moitos dos seus primeiros poemas.

Nestes anos viaxa moito xunto con Piedade Cabo e amigos. Percorre Andalucía, países celtas, Amsterdam...

En 1981 en Madrid resulta envelenado polo aceite de colza vendido a granel, quedándolle unhas secuelas físicas que marcarán o resto da súa vida. Tras uns meses de rehabilitación en Madrid, regresa a Monforte e finalmente vai vivir co seu irmán Xosé Manuel a Coruña.

Na Coruña comeza a estudar informática e únese ao colectivo poético *De amor e Desamor* co que fará algúns recitais conxuntos e participará nas dúas antoloxías do colectivo. Tamén traballa como tradutor de filmes e de series de televisión da TVG.

Publica poemas na revista *Luzes de Galiza* e colabora na revista *La Naval* da que chegará a formar parte do seu consello de redacción.

Son anos nos que continúa a viaxar por toda Europa (Berlín, París, Viena, Praga...) en compañía de Piedade Cabo e Fernando Saco.

En 1986 viaxa a Santander ao encontro “Galicia: chove sobre mollado (semana de las fuerzas atroces del noroeste)” que ten lugar na UIMP (Universidade Internacional Menéndez Pelayo) do 11 ao 14 de agosto. Tamén chega a participar como actor na curtametraxe *Valle de lágrimas* dirixida por Jorge Demetrio Rodríguez.

No ano 1987 é seleccionado para a antoloxía *Después de la modernidad*, xunto a Bernardo Atxaga, Pedro Casariego de Córdoba e Luis Alberto de Cuenca, pero

non será ata maio de 1992 cando publica o seu primeiro libro individual, *Poemas 1981/1991* en Edicións Positivas.

No mesmo ano viaxa coa súa irmá Inés a Londres, Amsterdam e Bruselas, onde cumpre un dos seus soños ao visitar o museo do cómic.

No verán de 1993 realiza a que será a súa derradeira viaxe, neste caso a Paris en compañía da súa nai e dos seus irmáns Xosé Manuel e Inés, xa que o ano seguinte é internado de gravidade no hospital onde diagnostícaselle a SIDA.

En decembro de 1995 publica *Poesía última de amor e enfermidade 1992/1995* de novo en Edicións Positivas e o 31 de xaneiro de 1996 dá no pub Moka da Coruña o seu derradeiro recital.

O 24 de maio de 1996 morre na Coruña e o seu corpo é soterrado no camposanto de Santa Cristina do Viso, no Incio.

## **BIBLIOGRAFÍA**

**CALVEIRO, Marcos. Lois Pereiro: naufrago do paraíso, biografía e antoloxía. Vigo: Xerais, 2011.**

**CALVO, J. Luís. O negro leite da aurora: viaxe á xeografía lírica de Lois Pereiro. A Coruña: Toxosoutos, D.L. 2010.**

**LOPO, Anton. A palabra exacta: biografía de Lois Pereiro. Vigo: Galaxia, 2011.**

# CRONOLOGÍA




- 1958 Nace en Monforte de Lemos Luis Ángel Sánchez Pereiro. É o segundo fillo do matrimonio.
- 1963 Comeza os seus estudos nos Escolapios. Neste colexio tamén cursará todo o bacharelato.
- 1965 Nace a súa Irmá Inés.
- 1974 Fai o COU no instituto público da vila e comeza a escribir os seus primeiros poemas. É unha época de descubertas literarias e musicais.
- 1975 Con dezasete anos, marcha a Madrid a estudar Socioloxía. Só está uns meses, regresando a Monforte a traballar co seu pai na cristalaría.
- 1976 Regresa a Madrid e matricúlase na Escola Oficial de Idiomas en inglés, francés e alemán. Son tempos de máis descubertas culturais.
- 1977 Funda e edita en Madrid a revista *Loía* xunto ao seu irmán Xosé Manuel, Manuel Rivas e Antón Patiño.
- 1978 Coa súa compañeira Piedade Cabo, percorre Andalucía.
- 1979 De novo con Piedade Cabo viaxa ós países celtas na procura das pegadas de moitos dos seus heroes literarios e musicais.
- 1980 Viaxa a Amsterdam.
- 1981 En Madrid resulta envelenado polo aceite de colza, quedándolle importantes secuelas físicas. Regresa a Monforte.
- 1982 Comeza a vivir co seu irmán Xosé Manuel na Coruña. Gaña o seu único premio, o de Poesía O Facho, co poema “Atrocity Exhibition”.
- 1983 Comeza a estudar informática na Coruña. En compañía de Fernando Saco e Piedad Cabo, fai unha longa viaxe no interrail por toda Europa.
- 1984 Participa na fundación do grupo poético *De Amor e Desamor*.
- 1985 Participa na segunda antoloxía *De Amor e Desamor II*. Publica algúns poemas no número 0 da revista *Luzes de Galiza* e comeza as súas colaboracións na revista *La Naval*.
- 1986 Viaxa a Santander ao encontro “Chove sobre mollado: Semana de las Fuerzas Atroces del Noroeste” na Universidade Menéndez Pelayo. Participa como actor na curtametraxe vangardista *Valle de Lágrimas* dirixida por Jorge Demetrio Rodríguez.
- 1987 Viaxa a Checoslovaquia na compañía do seu amigo Fernando Saco.
- 1988 A TVG emite o seu guión televisivo *¿Qué é Galicia?*.
- 1990 Edicións do Castro edita o libro *Concurso Nacional de Poesía “O Facho”* onde figura o poema “Atrocity Exhibition”.
- 1992 En maio sae á luz *Poemas 1981/1991* na editorial Positivas.
- 1994 É internado de gravidade no hospital e diagnósticaselle a SIDA.
- 1995 No mes de decembro ve a luz o seu libro final *Poesía última de amor e enfermidade 1991-1995*.
- 1996 O 31 de xaneiro dá no pub Moka da Coruña o seu derradeiro recital. O 24 de maio falece en A Coruña. Foi enterrado no cemiterio de Santa Cristina do Viso, no Incio, en presenza de familiares e amigos.
- 1997 Publícase de xeito póstumo *Poemas para unha loía*.

# OBRA DE LOIS PEREIRO



# Monografías



**PEREIRO, Lois. “Acróstico”; “Poderían escoller como epitafio”. En: Poetízate. Antoloxía da poesía galega. Vigo: Xerais, 2006. P. 140-141.**

**D/12333**

**PEREIRO, Lois. Antoloxía poética. Edición, escolma e introducción Daniel Salgado. Vigo: Galaxia, 2011.**

**D/16957**

**PEREIRO, Lois. “Anxel fole poem”. En: Os escritores lucenses arredor de Fole. Lugo: Concello de Lugo, D.L. 1986. P. 165.**

**D/15041**

**PEREIRO, Lois. “Atrocity Exhibition”. En: Concurso nacional de poesía O Facho: (1978-1989). Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, D.L. 1990. P. 36.**

**P  
CON**

**PEREIRO, Lois. “Car Crash (Da morte en negativo)”; “Dandy”; “Noites en branco...”; “Alerta e vixiante”. En: Rodríguez, Luciano. 25 anos de poesía galega: (1975-2000). [A Coruña]: La Voz de Galicia, D.L. 2002. P. 145-151.**

**P  
VIN (II)**

**PEREIRO, Lois. “Car Crash (Da morte en negativo)”; “Dandy”; “Noites en branco como sabas húmidas...”; “Alerta e vixiante”. En: Dix-sept poètes galiciens: 1975-2000 / sélection et édition Luciano Rodríguez; traduction, Xosé Carlos Carrete Díaz et Francine Sucarrat Boutet = Dezasete poetas galegos: 1975-2000 / selección e edición Luciano Rodríguez; tradución Xosé Carlos Carrete Díaz e Francine Sucarrat Boutet. [Coruña]: Universidade da Coruña, [2008]. P. 176-186.**

**D/14372**

**PEREIRO, Lois. Conversa ultramarina. Santiago de Compostela: Positivas, D.L. 2010.**

**D/16965**

**PEREIRO, Lois. “Dous minutos dun baile de Derviches”; “Car crash (da morte en negativo)”; “En Goó insectos”; “Encaixes de inercia”; “Penetración prayer”; “Edinburgh Edinburgh”; “Seis”; “A fina pel dun virus”. En: De amor e desamor II. Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 1985. P. 105-120.**

**D/16749**

**PEREIRO, Lois.** “Dous minutos dun baile de derviches”; “Narcisismo”; “Remorsos”; “Elexía a un espírito irmán. Pasatempo por orde alfabética”; “Nivel”; “Edinburgh Edinburgh”; “Outro poema de amor”; “Encaixes de inercia”; “Calculou ben o impulso...”; “Se xa mortos de qué nava qué mar...”; “Revisando os danos”; “Breve encontro”; “Poderían escoller como epitafio”; “¿Qué é Galicia”. En: *Antoloxía consultada da poesía galega: 1976-2000*. Lugo: TrisTram, D.L. 2003. P. 665-682.

**D/16719**

**PEREIRO, Lois.** “Edinburgh Edinburgh”; “(Análise hemática do amor)”. En: *Morán, César. Río de son e vento: unha antoloxia da poesía galega*. Vigo: Xerais, D.L. 1999. P. 360-362.

**D/9164**

**PEREIRO, Lois.** “Edinburgh Edinburgh”; “Narcisismo”; “Alerta e vixiante”. En: *A poesía contemporánea a partir de 1975: antoloxía*. [Manuel Álvarez Torneiro, Xavier Seoane, Manuel Rivas, Luisa Villalta ... et al.] edición de Miguel Mato Fondo. Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega, D.L. 1997. P. 129-133.

**D/16802**

**PEREIRO, Lois.** “Enlisboaensligodublin”; “Se xa morto de qué naval qué mar”; “Biopsia”. En: *La emoción de la palabra*. Ferrol (A Coruña): Sociedad de Cultura Valle-Inclán, 1988. P. 81-84.

**D/4809**

**PEREIRO, Lois.** *Galicia chove sobre mollado: [semana de Las Fuerzas Atroces del Noroeste, en La Magdalena, 11 al 18 de agosto 1986] / [programación, José Antonio Alonso ... et al. ; fotografía, Lois Rodríguez Andrade, Tino Martínez]. Santiago de Compostela (A Coruña): Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e de Benestar Social, D.L. 1986.*

**F  
008  
GAL**

**PEREIRO, Lois.** *Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia e outros ensaios*. Vigo: Xerais, 2011.

**D/16964**

**PEREIRO, Lois.** *Naúfragos do paradiso. Insomnio*. Vigo: Galaxia, 2011.

**D/16958**

**PEREIRO, Lois. Poemas 1891-1991. Santiago de Compostela: Positivas, 2010.**

**D/16974**

**PEREIRO, Lois. Poemas para unha loia; seguido de Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia; edición ao coidado de Xosé Manuel Pereiro; [limiar de Manuel Rivas]. A Coruña: Espiral Maior, 1997.**

**P  
PER  
Poe**

**PEREIRO, Lois. Poesía completa. Vigo: Xerais, D.L. 2011.**

**D/16959**

**PEREIRO, Lois. Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995. 3ª ed. Santiago de Compostela: Positivas, D.L. 2010.**

**D/16960**


**PEREIRO, Lois. “Poética”; “Cartografía”; “Nivel”; “Corporal (Je T’aim)”; “Eter”; “Verschwende Deine Jugend”; “Quen?”; “Despois”; “Biopsia”; “Narcisismo”; “Entre amigos”; “A man e a súa sombra pousadas...”; “A fina pel dun virus (I. Intonarumori)”. En: De amor e desamor. Sada (A Coruña): edicións do Castro, 1984. P. 105-120.**

**D/9845**

**PEREIRO, Lois. “Soir. La femme que est derrière moi...”; “Poderían escoller como epitafio”; “Revisando os danos”. En: Fernández Velho, Rosario. Literatura galega do século XX. Vigo: A Nosa Terra, D.L. 2006. P. 158-159.**

**821.134.4  
FER  
lit**

# Publicacións periódicas



**PEREIRO, Lois. “A derradeira batalla”. En: Galicia internacional .Santiago de Compostela: Sotoblan, [1994?]. Nº 11 (1996); p. 76-77.**

**RG/781**

**PEREIRO, Lois. “Cando non podo estar con quen amo...”. En: La Opinión. A Coruña. 18-12-2010. P. 61.**

**D/45**

**PEREIRO, Lois. “Dandy”; “Cantou con il...”; “Remorsos”. En: Luzes de Galiza. O Castro, Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 1985. Nº 0 (1985); p. 11.**

**RG/103**

**PEREIRO, Lois. “En doce versos falsos”; “Somidos na estrutura orixinal...”. En: La naval: revista atlántica. La Coruña: La Naval, 1984. Nº 0 (1984); p. 31.**

**RG/176**

**PEREIRO, Lois. “Ezra Pound”. En: La naval: revista atlántica. La Coruña: La Naval, 1984. Nº 1 (1985); p. 19.**

**RG/176**

**PEREIRO, Lois. “Iste é un povo que sabe suicidar-se”. En: Luzes de Galiza. O Castro, Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 1985. Nº 0 (1985); p. 7-9.**

**RG/103**

**PEREIRO, Lois. “Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia”. En: Luzes de Galiza. O Castro, Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 1985. Nº 27 (1996); p. 14-18.**

**RG/103**

**PEREIRO, Lois. “My Dear P.”. En: La Opinión. A Coruña. 18-12-2010. P. 61.**

**D/45**

**PEREIRO, Lois. “Náufragos do paradiso”. En: Luzes de Galiza. O Castro, Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 1985. Nº 28 (1997); p. 11-30.**

**RG/103**

**PEREIRO, Lois. “Nostalxias siamesas”. En: Luzes de Galiza. O Castro, Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 1985. Nº 4 (1986); p. 28.**

**RG/103**

**PEREIRO, Lois. “O frío edificado”. En: La naval: revista atlántica. La Coruña: La Naval, 1984. Nº 1 (1985); p. 53.**

**RG/176**


**PEREIRO, Lois. “Praga: Meuchel Besingt den mord”. En: Luzes de Galiza. O Castro, Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 1985. Nº 10-11 (1988); p. 32.**

**RG/103**

# TRABALLOS SOBRE LOIS PEREIRO



# Monografías



**CALVEIRO, Marcos. Lois Pereiro: naufrago do paraíso, biografía e antoloxía. Vigo: Xerais, D.L. 2011.**

**D/16966**

**CALVO, J. Luís. O negro leite da aurora: viaxe á xeografía lírica de Lois Pereiro. A Coruña: Toxosoutos, D.L. 2010.**

**D/16961**

**FERNÁNDEZ VELHO, Rosario. Lois Pereiro (1958-1996). En: Literatura galega do século XX. Vigo: A Nosa Terra, D.L. 2006. P. 150-151.**

**821.134.4  
FER  
Lit**

**LOIS Pereiro. En: Literatura galega: século XX. [Vigo]: A Nosa Terra, 2001. P. 330.**

**821.134.4  
LIT**

**LOPO, Antón. A palabra exacta: biografía de Lois Pereiro. Vigo: Galaxia, 2011.**

**D/16968**

**LOSADA TRABADA, Antonio. Lois Pereiro. En: Lobato, Xurxo. Galegos na escaleira. [A Coruña]: Fundación Caixa Galicia, D.L. 1995. P. 102.**

**D/7662**

**MANUEL MARÍA. Xustificación. En: Pereiro, Lois. Poemas para unha loia; seguido de Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia; edición ao coidado de Xosé Manuel Pereiro; [limiar de Manuel Rivas]. A Coruña: Espiral Maior, 1997. P. 9.**

**P  
PER  
Poe**

**“NOTA biográfica”; “Obra publicada”; “Reflexión sobre a súa traxectoria”; “A realidade poética actual”; “Bibliografía crítica”. En: Antoloxía consultada da poesía galega: 1976-2000. Lugo: TrisTram, D.L. 2003. P. 661-665.**

**D/16719**

**PATIÑO, Antón. Lois Pereiro: radiografía do abismo. Culleredo: Espiral Maior, 2010.**

**D/16962**

**PEREIRO, Xosé Manuel. Lois Pereiro: fotobiografía sonora. Sarria (Lugo): Ouvirmos, 2010. Contiene: CD1. Entrevista a Lois Pereiro ; CD2. Canciones de sus poemas.**

**D/16963**

**PÉREZ VARELA, Carlos. Nerval na Poesía última de Lois Pereiro. En: Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1999. P. 1158-1161.**

**082Alonso  
CIN(II)**

**RIVAS, Manuel. O viaxeiro que non se detivo na derradeira estación. En: Pereiro, Lois. Poemas para unha loia; seguido de Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia; edición ao coidado de Xosé Manuel Pereiro. A Coruña: Espiral Maior, 1997. P. 7-8.**

**P  
PER  
poe**

**RIVAS, Manuel. Poesía última de amor e enfermidade. En: Rivas, Manuel. Toxos e flores. Vigo : Edicións Xerais de Galicia, 1998. P. 215-219.**

**O  
RIV  
tox**


**“THE indian in his blade (Elexía a Lois Pereiro)”. En: De amor e desamor. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, D.L. 2009. P. 16-17.**

**D/16506**

**VIDAL, Fidel. A dor en cada célula. En: Vidal, Fidel. Anatomía da emoción poética. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, D.L. 1999. P. 107-110.**

**D/9383**

# Publicacións periódicas



**A.C. Recital poético en clave de tango. En: La Voz de Galicia. A Coruña. 18-12-2004. P. 48.**

**D/22**

**ABELENDIA, Ana. Lois Pereiro, a furia necesaria. En: La Voz de Galicia. A Coruña. 20-11-2010. Suplemento Culturas. P. 10.**

**D/22**

**A ACADEMIA aposta pola contracultura. En: La Opinión. A Coruña. 27-6-2010. P. 63.**

**D/45**

**ANTÓN Patiño revisa a vida e a obra de Lois Pereiro dende “unha porta xiratoria”. En: La Voz de Galicia. A Coruña. 17-12-2010. P. 67.**

**D/22**

**BOUZA, Fermín. Chove sobre mollado. En: Luzes de Galiza. O Castro, Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 1985. Nº 28 (1997); p. 5.**

**RG/103**

**BRAXE, Lino. Elexía a Lois Pereiro. En: La Opinión. A Coruña. 14-12-2009. P. 12.**

**D/45**

**BRAXE, Lino. Lois Pereiro. En: Luzes de Galiza. O Castro, Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 1985. Nº 28 (1997); p. 32.**

**RG/103**

**BUGALLAL, Isabel. A Academia aposta pola contracultura. En: La Opinión. A Coruña. 27-6-2010. P. 73.**

**D/45**

**BUGALLAL, Isabel. El poeta herido. En: La Opinión. A Coruña. 4-6-2006. P. 68.**

**D/45**

**CANEIRO, Xosé Carlos. As Letras 2011. En: La Voz de Galicia. A Coruña. 28-6-2010. P. 14.**

**D/22**

**CARBAJO, Primitivo. Las Fuerzas Atroces del Noroeste desembarcaron ayer en La Magdalena con su semana *Galicia chove sobre mollado*. En: La Voz de Galicia. A Coruña. 12-8-1986. P. 11.**

**D/22**

**CARBALLIDO, M. Lois Pereiro: 'Á xente estráñalle a miña linguaxe poética'. En: A Nosa Terra: periódico galego semanal. Vigo: Promocións Culturais Galegas, 1977. Nº 420 (1990); p. 21-22.**

**RG/73**

**CASAL, César. Pereiro, Lois. En: La Voz de Galicia. A Coruña. 3-7-2010. P. 16.**

**D/22**

**DA poesía no ano da morte de Lois Pereiro. En: Anuario de estudos literarios galegos. Vigo: Galaxia, [1993]. Año 1997. P. 193-199.**

**RG/675**

**EPIFANÍAS de Lois Pereiro. En: En: El Ideal Gallego. A Coruña. 4-7-2010. P. 22.**

**D/24**

**FRAGA, X. Música para Lois Pereiro: "Oito cancións para oito poemas". En: La Voz de Galicia. A Coruña. 3-01-2011. P. 57.**

**D/22**

**FRANCO, Camilo. As editoriais recuperan a obra de Lois Pereiro cara ao Día das Letras. En: La Voz de Galicia. A Coruña. 28-12-2010. P. 43.**

**D/22**

**GARCÍA, Rodri. Espiral Maior edita o ensaio de Antón Patiño "Lois Pereiro. Radiografía do abismo". En: La Voz de Galicia. A Coruña. 9-11-2010. P. 46.**

**D/22**

**GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena. 1995: Unha bandexa chea de bos poemarios. En: Anuario de estudos literarios galegos. Vigo: Galaxia, [1993]. Año 1996. P. 167-173.**

**RG/675**

**GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena. Lois Pereiro: poesía dura, descarnada, emocionante. En: Grial: revista galega de cultura. Vigo: Galaxia, 1963. Nº 129 (1996); p. 127-129.**

**RG/694**

**GONZÁLEZ GÓMEZ, Xesús. Estados de ánimo. *Poemas 1891/1991* de Lois Pereiro. En: A Nosa Terra: periódico galego semanal. Vigo: Promocións Culturais Galegas, 1977. Nº 539 (1992); p. 21-22.**

**RG/73**

**O GRUPO *Amor e Desamor* celebra 25 anos no Rosalía cun espectáculo “sen mentira”. En: El Ideal Gallego. A Coruña. 17-12-2009. P. 12.**

**D/24**

**O GRUPO poético *De Amor e Desamor* celebra os seus 25 anos. En: La Voz de Galicia. A Coruña. 15-1-2009. P. 61.**

**D/22**

**JUAN Cueto, Lois Pereiro y Fermín Bouza descubrieron el Atlántico, en La Magdalena frente a los exaltadores del Mediterráneo. En: La Voz de Galicia. A Coruña. 13-8-1986. P. 10.**

**D/22**

**L. V. Lois Pereiro, o poeta que sae do seu silencio. [Entrevista]. En: La Voz de Galicia. A Coruña. 31-1-1996. P. 6.**

**D/22**

**LOIS Pereiro: cartas de amor e despedida *Conversa ultramarina*. En: La Opinión. A Coruña. 18-12-2010. P. 60-61.**

**D/45**

**LOIS Pereiro, un poeta comprometido. En: A Nosa Terra: periódico galego semanal. Vigo: Promocións Culturais Galegas, 1977. Nº 1413 (2010); p. 20-21.**

**RG/73**

**MONFORTE proxectará para o 2011 actos na memoria de Lois Pereiro, que será lembrado no Día das Letras Galegas. En: La Voz de Galicia. A Coruña. 29-6-2010. P. 63.**

**D/22**

**NICOLÁS, Ramón. Espello dun tránsito que queda. Positivas publica un inédito de Lois Pereiro: unha achega clave para entender ou completar boa parte do seu universo. En: La Voz de Galicia. A Coruña. 19-2-2011. Suplemento Culturas. P. 8.**

**D/22**

**Os POLÍTICOS, a Torre de Hércules e Lois Pereiro. En: La Opinión. A Coruña. 28-6-2010. P. 10.**

**D/45**

**RABUÑAL, Henrique. A lanterna dos poetas dos 80. En: La Voz de Galicia. A Coruña. 21-8-2010. Suplemento Culturas. P. 3.**

**D/22**

**A RAG escolle a Lois Pereiro para as Letras Galegas, tras varias votacións. En: La Voz de Galicia. A Coruña. 27-6-2010. P. 37.**

**D/22**

**REIXA, Antón. O home epitafio. En: La Voz de Galicia. A Coruña. 6-6-1996. P. 16 (supl. Revista de cultura).**

**D/22**

**RIVAS, Manuel. A derradeira entrevista. En: Luzes de Galiza. O Castro, Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 1985. Nº 28 (1997); p. 7-10.**

**RG/103**

**RIVAS, Manuel. Unha bomba envolta en flores. En: Luzes de Galiza. O Castro, Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 1985. Nº 28 (1997); p. 2.**

**RG/103**

**SANDE, Miguel. O Chip da poesía. En: La Voz de Galicia. A Coruña. 18-6-1996. P. 8.**

**D/22**

**SEARA, Teresa. A memoria do amado. Poesía última de Lois M. Pereiro. En: A Nosa Terra: periódico galego semanal. Vigo: Promocións Culturais Galegas, 1977. Nº 711 (1996); p. 23-24.**

**RG/73**

**SEOANE RIVAS, Xavier. Conserva o teu odio, condea-te, amén: (unha aproximación á poética de Lois Pereiro). En: Luzes de Galiza. O Castro, Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 1985. Nº 0 (1985); p. 10-11.**

**RG/103**

**SOTELINO, B.R. Antón Patiño ultima un segundo estudio sobre el poeta Lois Pereiro, un manual para adentrarse en el abismo. En: La Voz de Galicia. A Coruña. 14-11-2010. P. 62.**

**D/22**

**TORO, Suso de. Arrancado do chan. En: Luzes de Galiza. O Castro, Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 1985. Nº 28 (1997); p. 3.**

**RG/103**

**TRAS la huella del poeta Lois Pereiro. En: La Voz de Galicia. A Coruña. 11-7-2010. P. 65.**

**D/22**

**VEIGA, Manuel. Lois Pereiro, poeta metafísico e civil. Finou o escritor dunha xeración. En: A Nosa Terra: periódico galego semanal. Vigo: Promocións Culturais Galegas, 1977. Nº 728 (1996); p. 25.**

**RG/73**

**O VERÁN de Lois. En: La Voz de Galicia. A Coruña. 1-6-1996. P. 9.**


**D/22**

**VIDAL, Fidel. A dor en cada célula. En: Luzes de Galiza. O Castro, Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 1985. Nº 28 (1997); p. 31.**

**RG/103**

# MATERIAIS AUDIOVISUAIS

FESTA EMOCIONAL - PRESENTACIÓN PÚBLICA - HAPPENING



Mércores día 2 de febreiro ás 20:30 hrs.  
Agradécese "look" acorde coa estética dos 80's.

**NA PALABRA:** Xurxo Souto, Lino Braxe  
Manuel Rivas, Xosé M. Pereiro

**NA MÚSICA:** Ondas Martenot

**O LUGAR:** O mítico Borrazás, Orzán 165 [A Coruña]

*Lois Pereiro*



**ouvirmos**

[www.ouvirmos.com](http://www.ouvirmos.com)  
[www.facebook.com/ouvirmos](https://www.facebook.com/ouvirmos)

**BRAXE, Lino; SOUTO, Xurxo. Rexistros sonoros. En: Lois Pereiro: Fotobiografía sonora. Sarria (Lugo): Ouvirmos, 2010. P. 135-171.**  
**Contiene 2 CDs; CD 1 “A palabra”: “Entrevista de Ana Romaní a Lois Pereiro”.**  
**CD 2 “Músicas”: Manu Clavijo: “Outro poema de amor”; Manu Clavijo: “En Leonberg”; Alexandro González: “Contra a morte o amor que vai comigo”; Nación Reixa: “Furia”; Fanny+Alexander: “Postpunkdeirada”; Radio Océano: “Narcisismo”.**

**CD  
929Pereiro  
PER  
loi**

# REFERENCIAS EN OBRAS XERÁIS



**DEGU: diccionario enciclopédico galego universal. [editor e director, Bieito Ledo Cabido]. A Coruña: La Voz de Galicia, D.L. 2003. Tomo 54; p. 96.**

**(031)  
DEG  
(LIV)**

**DICCIONARIO de literatura galega I. Autores. Vigo: Galaxia, 1995. P. 444-445.**

**821.134.4  
DIC(I)**

**DICCIONARIO de literatura galega II. Publicacións periódicas. Vigo: Galaxia, 1995. P. 290.**

**821.134.4  
DIC(II)**

**DICCIONARIO de literatura galega III. Obras. Vigo: Galaxia, 1995. P. 368-369.**

**821.134.4  
DIC(III)**

**DICIOPIEDIA do século 21. [dirección, Isaac Díaza Pardo, Víctor Freixanes, Antón Mascato]. Sada (A Coruña): Edicións do Castro; Vigo : Cumio : Galaxia , cop. 2007. P. 1878.**

**(031)  
DIC(III)**

**GRAN enciclopedia galega Silverio Cañada. Lugo: El Progreso-Diario de Pontevedra, D. L. 2003. Tomo 35; p. 205.**

**(031)  
GRA  
(XXXV)**

# LOIS PEREIRO NA CORUÑA



Na terraza da torre da rúa Costa Rica na Coruña, onde vivía Lois Pereiro en 1996.

## A CHEGADA

***“Lois estableceuse a comezos dos 80 na Coruña, na casa na que vivía eu. Logo na que compartiríamos coa nosa irmá Inés. Contrariamente ao que asegura a publicidade das academias de idiomas, manexarse en inglés, francés e alemán non lle asegurou unha vida laboral. O aspecto ensumido que lle deu a intoxicación pola colza privouno dun par de traballos en medios de comunicación. Mantíñase da dobraxe, series televisivas para a TVG se era época de vacas gordas e películas porno se viñan fracas.”***

**Xosé Manuel Pereiro  
(Lois Pereiro: fotobiografía sonora)**

***“Relembra Manuel Vilariño que naquela xornada quedara citado co poeta no bar “Borrazás” da Coruña, na praza de Pontevedra (onde adoitaba ir Lois Pereiro de cando en vez) perto do lugar onde tiña o seu obradoiro daquela o fotógrafo, nunha súa vivenda ubicada entón en Pelamios, na rúa de beiramar. Manuel Vilariño non adoita facer retratos: mais de cando en vez escolle a alguén para lle facer unha fotografía. Elixiu a Lois Pereiro pola empatía que sentía polo seu labor: coma quen fai un agasallo ou un troco espiritual”***

**Antón Patiño  
(Lois Pereiro: radiografía do abismo)**

## OS AMIGOS

*“... De regreso a Galicia, concretamente á Coruña, co demo, co corvo negro da colza grallando nas súas entrañas, Lois Pereiro aglutinou en torno seu a un puñado de amigos (poetas, xornalistas, músicos, artistas) que intentaban combater a monotonía cultural e poética que seguía aínda o ronsel do social-realismo en recitais e acalorados faladoiros en distintos locais da cidade herculina. Froito destes encontros foron a publicación da revista La Naval e, sobre todo, a creación do grupo poético De Amor e Desamor (Lino Braxe, Xosé Devesa, Miguel Anxo Fernán-Vello, Miguel A. Mato Fondo, Pilar Pallarés, Lois Pereiro, Manuel Rivas, Francisco Salinas Portugal, Xavier Seoane e Xulio L. Valcárcel).*

*Tanto a revista como esta celebrada invención reflicten un momento da cultura galega onde xurdiron en diversos puntos da xeografía grupos literarios e artísticos minoritarios en aberta disidencia coas consignas e directrices impostas polos centros de poder político e cultural.*

*Con frecuencia a cultura entendeuse como resistencia e a figura do poeta ficou transfigurada por unha aura romántica. O mesmo feito de escribir versos e crear un mundo poético persoal confería un plus de inconformismo fronte as imposicións vixentes. De aí que a actitude artística e crítica do noso autor foran consideradas por moitos poetas, lectores e críticos coma un signo claro de rebeldía e, incluso, de malditismo”.*

J. Luis Calvo  
Carlos Gegúndez López  
*(O negro leite da aurora: viaxe á xeografía lírica de Lois Pereiro)*

**DE AMOR E DESAMOR  
(Dispostos á batalla)**

***“No ano 1984, a carón do mar do Orzán, dez das voces máis representativas que ten dado a poesía galega dos anos oitenta deciden fundar o colectivo “De Amor e Desamor” e entre eles atopamos a Lois Pereiro que tras a etapa madrileña se despraza á Coruña, cidade na que residía o seu irmán Xosé Manuel. En realidade, como recoñecen os protagonistas cando aparece a súa primeira publicación, non teñen importancia os criterios estéticos ou puramente literarios e así aclaran que a selección de textos se basea “nun criterio de veciñidade e camaradaxe”.***

***“Dis que esqueceron como se produciu a xestación do grupo; en apenas tres anos de actividade deron un cento de recitais polas rúas da cidade vella. As súas voces amenizaban os seráns nas tascas, tabernas ou templos do “bebercio” coruñés, malia que “o sistema establecido da cidade, autoridades á cabeza, negoulles o pan e o sal”.***

***“Foi nun local que hoxe é perruquería mixta nunha rúa da cidade vella onde asinaron a acta fundacional ou no “Patacón”, non se cadra foi nun dos bares da rúa Capitán Troncoso, o “Tumbadeus”, en fin, non está claro, probablemente en “El Molino”, seica deron algún recital no “Bar de los Ron”, vinte e cinco anos despois seguen a levarse ben todos, pero nunca se poñen de acordo ao trataren de lembrar o nacemento dun dos colectivos máis emblemáticos durante unha nova etapa álxida da poesía galega.”***

**J. Luis Calvo  
Carlos Gegúndez López  
(O negro leite da aurora: viaxe á xeografía lírica de Lois Pereiro)**



**POLÍGONO DE ELVIÑA**  
**O frío edificado**

***“Constelación de imaxes periféricas, últimos estertores da cidade, como se a súa estrutura ameazante na súa indiferenza suburbana quixera darlle o impulso necesario á iniciación da viaxe. No fluxo horizontal dos edificios, o berro vertical da súa altura unánime; ise equilibrio estético da orde enaxenada, contrapunto mental do centro urbano, sobredose de séculos no espazo, paraísos perdidos na formica, na distorsión da pedra.***

***A teoría urbanística do espasmo muscular organizado en colonias de aceiro e aluminio, procreación de formas pre-electrónicas; a paisaxe perfecta pra internarse nos escurecementos depresivos, nunha crise mental, pra convertela en crónica da euforia. Sólido monumento á sensación: o Frío Edificado.”...***

**Lois Pereiro**  
**(artigo publicado en *La Naval*. Nº 1, marzo 1985)**

**O ÚLTIMO RECITAL  
(A Coruña, xaneiro, 1996)**

**Interior. Pub Moka. Noite.**

**LOIS: “...de todos os xeitos para min este é un libro de poemas doado de explicar non tanto de recitar, porque, á parte de que creo que todos os poemas deben sempre ser lidos máis que escoitados, a miña voz non dá moito...para máis”.**

**(Lois acomódase na cadeira e tuse dúas ou tres veces antes de comezar a recitar).**

***Saber que está un a morte  
e o corpo é unha paisaxe de batalla  
unha carnicería no cerebro.  
¿Permitirías ti, amor deserto,  
que nesta febre penitente abrise  
a derradeira porta e a pechase  
detrás miña, somnábulo e impasible.  
ou porías o pé  
entre ela e o destino?***

**Marcos Calveiro  
(Lois Pereiro: naufrago do paraíso)**

## A MORTE

***“Morreu poucos meses despois, o 24 de maio de 1996, no cuarto 627 do daquela Hospital Juan Canalejo, o mesmo día no que se fixo pública a sentenza do caso da colza, o veneno que lastrou a súa vida. A familia aínda tivo que demostrar nos tribunais que morrera por esa causa para ter dereito a unha axuda por falecemento. No seu último recital, o 31 de xaneiro dixo en público que quería ser enterrado no cemiterio de Santa Cristiña. Despedírono alí, onde repousaban o avó Hermenegildo e o tío Pepe, mortos aos 41 anos, a familia e os amigos ao son das gaitas tocando “A marcha do Antigo Reino de Galicia”. Descansa tralo epitafio que propuxo no seu último poema”:***

***“Cuspídeme enriba cando pasedes  
diante do lugar onde repouse  
enviándome unha húmida mensaxe  
de vida e de furia necesaria”.***

**Xosé Manuel Pereiro  
(Lois Pereiro: fotobiografía sonora)**



*Sería a luz que me alagaba os ollos  
da vida roubada á morte veciña  
pero todos me apalpaban incrédulos  
colléndome das mans.  
Todos aqueles que me amaran morto  
amábanme máis vivo.  
Abríranse dúas portas en direccións opostas  
e escollín a que abría cara á vida  
co sol entrando a eito polas fiestras.  
Tería que reanudarme  
e regresar á miña propia vida  
sen contaxiarme outra vez de min mesmo.  
Retocaría o guión  
e mudaría outra vez de personaxe  
retomando a perda  
aprendizaxe.*

*Luis Rovito*

**Biblioteca Municipal de Estudos Locais**  
**C/ Durán Loriga 10, 1º**  
**15003 A Coruña**  
**Tfno. 981184386**  
**E-mail [bestudiosl@coruna.es](mailto:bestudiosl@coruna.es)**




**Bibliotecas Municipais**



**Ayuntamiento de A Coruña**  
**Concello da Coruña**

BIBLIOTECA  
MUNICIPAL  
DE  
ESTUDOS LOCAIS



1019